

CTO. GALEGO DE NATACIÓN ABSOLUTO OPEN, JÚNIOR E INFANTIL DE VERÁN

Tempada 2017/18. Circular 17-20.

1.- Organización, datas e sede

- 1.1.- Celebrarase a nivel rexional en catro xornadas de mañá e de tarde.
- 1.2.- As datas e sede serán as establecidas no calendario de natación para a presente tempada.
- 1.3.- As sesións de mañá darán comezo ás 9:30 horas e as de tarde ás 17:30 horas.
- 1.4.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos dúas horas antes do inicio de cada sesión e media hora despois da súa finalización, así como o día previo ao campionato en horario de tarde e previa solicitude dos clubs interesados ao clube organizador. Os nadadores teñen dereito a realizar o quecemento até 10 minutos antes de que comece a sesión.

2.- Programa de probas

Xornada 1. Sesión de mañ. (9:30 horas)*	Xornada 2. Sesión de mañá. (9:30horas)	Xornada 3. Sesión de mañá. (9:30horas)	Xornada 4. Sesión de mañá.(9:30horas)
1. 4x50 Estilos Mas 2. 4x50 Estilos Fem 3. 1500 Libre Mas 4. 800 libre Fem 5. 50 Libre Mas 6. 50 Libre Fem 7. 200 Estilos Mas 8. 200 Estilos Fem	13. 400 Libres Mas 14. 400 Libres Fem 15. 100 Braza Mas 16. 100 Braza Fem 17. 200 Bolboreta Mas 18. 200 Bolboreta Fem 19. 50 Costas Mas Abso-Juni 20. 50 Costas Fem Abso-Juni 21. 400 Estilos Mas 22. 400 Estilos Fem	25. 800 Libre Mas Abso 26. 50 Bolbor. Fem Abso-Juni 27. 50 Bolbor. Mas Abso-Juni 28. 200 Braza Fem 29. 200 Braza Mas 30. 100 Costas Mas 31. 100 Costas Fem 32. 100 Libre Mas 33. 200 Libre Fem 34.4x100 Libre Mas Juni 35.4x100 Libre Fem Juni 36.4x100 Libre Mas Infa 37.4x100 Libre Fem Infa	40. 4X50 Libres Fem Abso 41. 4x50 Libres Mas Abso 42. 1500 Libre Fem Abso 43. 100 Bolboreta Mas 44. 100 Bolboreta Fem 45. 200 Costas Mas 46. 200 Costas Fem 47. 50 Braza Mas Abso-Juni 48. 50 Braza Fem Abso-Juni 49. 200 Libre Mas 50. 100 Libre Fem 51. 4X100Estilos Mas Juni 52. 4x100Estilos Fem Juni 53. 4x100Estilos Mas Infa 54. 4x100Estilos Fem Infa
Xornada 1. Sesión de tarde. (17:30horas)	Xornada 2. Sesión de tarde. (17:30 horas)	Xornada 3. Sesión de tarde. (17:30 horas)	Xornada 4. Sesión de tarde. (17:30horas)*
Última serie das probas 1 e 2 Finais A e B das probas 3, 4, 5, 6, 7 e 8 9. 4x200 Libre Mas Juni 10. 4x200 Libre Fem Juni 11. 4x200 Libre Mas Infa 12. 4x200 Libre Fem Infa	Finais A e B das probas: 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21 e 22 23. 4x200 Libre Mas Abso 24. 4x200 Libre Fem Abso	Ultima serie da proba 25 Finais A e B das probas: 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, e 33. 38. 4x100 Libre Mas Abso 39. 4x100 Libre Fem Abso	Ultima serie das probas 40 e 41 e 42. Finais A e B das probas: 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49 e 50. 55. 4x100 Estilos Mas Abso 56. 4x100 Estilos Fem Abso
* No caso de que sexa posible, segundo o numero de inscritos, a sesión de mañá da xornada 1 poderá comezar máis tarde, e a sesión de tarde da xornada 3, poderá comezar antes. Sempre a criterio da comisión técnica.			

3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

- Absoluto Masculino
- Absoluto Feminino
- Absoluto Mozo e menores masculino (so participación)
- Absoluto Mozo e menores feminino (so participación)
- Júnior masculino (nacidos nos anos 2000 e 2001).
- Júnior feminino (nacidas nos anos 2001 e 2002).
- Infantil masculino (nacidos nos anos 2002 – 2003).
- Infantil feminino (nacidas nos anos 2003 – 2004).
- Nadadores con discapacidade funcional e/ou visual das anteriores categorías.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores que acrediten ter realizadas as marcas mínimas asignadas (absolutas ou absoluto mozo e menores).

Para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual haberá unha soa marca mínima.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo en catro probas individuais en todo o campionato e nas remudas. Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual só poderán nadar as probas indicadas no Anexo I.

3.4.- Non existe limitación en canto ao número de nadadores por clube e proba.

3.5.- Cada clube poderá inscribir un só equipo de remudas por proba sempre que teña acreditada a marca mínima, ben por suma de tempos de 4 nadadores en probas individuais, ou realizada nunha remuda con nadadores comprendidos nas categorías de referencia.

3.6.- Un nadador que non participe nunha proba para a que estea inscrito non poderá participar en ningunha outra na mesma sesión, agás se fose dado de baixa, segundo as normas do Art. 9 do libro IV do Regulamento Xeral da FEGAN.

4.- Inscripcións

4.1.- Realizaranse a través do SDP e a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

4.2.- As inscricións para o campionato deberán obrar en poder da FEGAN 15 días antes do comezo da competición, cadrando este día a mércores, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.3.- Deberán inscribirse tamén os nadadores que participen só en remudas, remitindo o impreso correspondente xunto coa citada acta de preinscrición.

4.4.- Os nadadores con discapacidade realizarán a inscrición segundo o Anexo II da presente normativa.

4.5.- Os nadadores doutras comunidades que participen no campionato absoluto, deberán aportar un certificado da súa federación territorial, de estar ó corrente do pago da súa mutualidade deportiva.

5.- Fórmula de competición

5.1.- As probas de categoría Infantil e Júnior nadaranse no sistema “contra reloxo”, separadas das absolutas,

quedando definida a clasificación na xornada de mañá. Os nadadores con mínima absoluta (no momento da inscrición no campionato) poderán acceder ás finais absolutas da sesión de tarde, se se clasifican.

5.2.- As eliminatorias nadarase pola mañá. As series de nadadores organizaranse polo sistema de "cabezas de serie". Nas probas de, 800 e 1500 libre nadarase polo sistema de "contra o reloxo".

5.3.- Confeccionarase unha final "A" (absoluta) cos 8 mellores tempos das eliminatorias, e unha final "B" (absoluta) cos 8 seguintes tempos, a final A e a B nadaranse nas sesións de tarde. As baixas de nadadores que se produzan na sesión de mañá poderán ser completadas por nadadores reserva, e terán un custe 0. As baixas nas finais, que se produzan na propia sesión, terán un custo de 10 euros, que se cargarán ó clube do nadador.

Para as sesións de finais, o número máximo de reservas será de ata TRES nadadoras/es segundo os resultados das eliminatorias, para cubrir as posibles baixas das finais.

O tempo límite para a entrega das baixas para finais, será de ata 15 minutos despois de rematar a sesión de mañá correspondente.

5.4.- Nas probas de 4x50 estilos, 4x50 libre, 800 e 1500 libre, a mellor serie composta polos 8 mellores tempos de inscrición nadarase nas sesións de tarde.

5.5.- As probas de remudas nadaranse "contra o reloxo".

5.6.- Os criterios de puntuación serán os seguintes:

a) Para puntuar no campionato absoluto será preciso referendar a marca mínima absoluta da proba. As marcas mínimas de participación consideraranse só para os efectos de participación da categoría absoluto-mozo e menores, debendo referendar a marca mínima absoluta para puntuar.

b) Para a puntuación só se terán en conta como máximo dous nadadores por clube en cada proba individual, con independencia dos que participasen. Os clasificados despois non serán puntuados, corréndose o dereito a puntuación ao seguinte na clasificación que non sexa dese mesmo clube.

c) Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual/remuda. As puntuacións nas probas individuais serán: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

d) A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

5.7.- En caso de que un nadador clasificado para unha final cause baixa obterá automaticamente o derradeiro posto da devandita final e a correspondente puntuación, sempre e cando igualase ou mellorase a marca mínima na eliminatoria. De non ser así, non obterá puntuación, pasando os puntos correspondentes ao seguinte nadador clasificado se igualase ou mellorase a mínima na final "B" correspondente.

Os nadadores que accedan a unha final como reservas, manterán na clasificación final o posto e a puntuación ao que opten despois das eliminatorias. E dicir, si acceden á final A dende o posto 9 ou seguintes, clasificaranse a partir do posto 9 no tendo dereito ao título de campión, subcampión...,nin medallas. Si acceden á final B dende o posto 17 en adiante, na clasificación obterán o posto 17 en adiante cos puntos correspondentes.

5.8.- Aplicarase a mesma fórmula que no punto anterior no caso de descualificacións nas finais.

5.9.- Cando sexan máis de un os nadadores afectados nos dous puntos anteriores, obterán os últimos postos, repartíndose os puntos se procede.

5.10.- Os récords que se batan ou igualen na competición, con independencia do posto, terán a puntuación engadida que se indica a continuación:

a) Récord do Campionato: 3 puntos

b) Mellor Marca Nacional: 5 puntos

c) Récord Galego: 7 puntos

- d) Récord de España: 10 puntos
- e) Estas puntuacións extra non son acumulables entre si.

6.- Clasificacións

En probas individuais, haberá unha clasificación en categoría absoluta.

As clasificacións por clubs faranse atendendo aos seguintes criterios:

6.1. - Absoluta:

- a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.
- c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir). O clube que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego de Natación Absoluto de Verán.

6.2.- Júnior:

- a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.
- c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir). O clube que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego de Natación Júnior de Verán.

6.3- Infantil

- a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.
- c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir). O clube que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego de Natación Infantil de Verán.

7.- Títulos e premios.

7.1.- Medallas aos tres primeiros clasificados en categoría infantil, júnior e absoluta. Medalla aos tres primeiros clasificados nas categorías de discapacidade funcional e/ou visual segundo o criterio que figura nas normativas do Comité Paralímpico Internacional de Natación (IPC Swimming). (Pode descargarse a normativa desde a alínea de circulares da FEGAN)

7.2.- Trofeos aos clubs campións en cada unha das clasificacións indicadas no punto 6. Excepto para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual.

7.3.- Trofeo Paula Carballido ao nadador e nadadora que realicen a mellor marca do campionato pola táboa da FINA.

7.4.- Trofeo para o nadador e nadadora con discapacidade funcional e/ou visual que realicen a mellor marca do campionato pola táboa compensada de puntuación.

8. Marcas mínimas

8.1.- Serán as indicadas na circular de marcas mínimas para a presente tempada para as categorías referidas ao presente campionato.

8.2.- A data a partir da cal se consideran válidas as marcas mínimas obtidas é o 1 de setembro de 2017.



9. Nota final

No non previsto na presente normativa estarase ao disposto no artigo 10 do capítulo 3º do Título II do libro X do Regulamento General da RFEN, e no seu caso, ao disposto nas normas FINA.

A Coruña, 21 de xullo de 2017

Secretaría Xeral FEGAN

Anexo I

As probas e categorías nas que poden participar os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual son:

50L	100L	200L	400L	1500L	50E	100E	50B	100B	50M	100M	200M	200S
S1-S13	S1-S13	S2-S13	S4-S13	S8-S13	S1-S13	S1-S13	S2-S9 S11-S13	S2-S9 S11-S13	S3-S13	S5-S13	S5-S13	S3-S13

Anexo II

1.- A inscrición dos nadadores con discapacidade deberá de enviarse acompañada da FICHA DE VALORACIÓN FUNCIONAL na que se determina a clase na que están encadrados para cada estilo. No caso de non ter a ficha expedida pola FEDDF, deberán obtela, no seguinte centro:

FIMEGA

(Dr. Carlos Alonso Hernández)

Avda. Eduardo Pondal, 68 baixo (a 200 m da Estación de Autobús e Tren)

Pontevedra

Teléfono: 986868544

É preciso solicitar cita previa, especificando que é para unha valoración funcional para a Federación Galega de Natación.

O custo da valoración correrá a cargo do deportista.

Para facilitar a avaliación é conveniente achegar os informes de lesión, se se teñen.

2.- As marcas de inscrición, deberán terse conseguido en competicións oficiais, ben do calendario da FEDDF ou da FEGAN.

3.- Tanto no Campionato Galego como nas demais competicións da FEGAN onde participen, aplicarase por parte dos Xuíces e Árbitros da competición, as recomendacións contempladas no Manual de Árbitro de Natación (CNA) no apartado N.18 Nadadores Discapacitados

<http://www.fegan.org/cms/content/view/4/5/>

4.- No momento de tramitar a licenza de deportista, deberá advertirse que se trata de un nadador con discapacidade.